

Estimadas familias:

A Orde 27-04-16 da Consellería de Cultura, Educación e O. U. (DOG 16-05-16) regula o fondo solidario de libros, a axuda para adquirir libros e a axuda para mercar material escolar para o próximo curso 2016-17.

- **Fondo de libros** de texto para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación primaria asignados por orde inversa á renda per cápita de 2014 ata agotar existencias.
- **Axudas para adquirir libros de texto** para o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, non superando os límites de renda per cápita do 2014 (ata 5.400€ ou 9.000€).
- **Axudas para adquirir material escolar** para o alunado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, e 6º de Ed. Primaria non superando a renda per cápita de 5.400€.
- **Requisitos** para acollerse a esta convocatoria:
  - Ter una renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros. (Casillas 430 +445 da Renda de 2014 e dividida entre o número de membros da unidade familiar).
  - Ter devolto, EN BO ESTADO, os libros de texto de 3º, 4º, 5º e 6º EP adquiridos coas axudas do curso 2015-16, antes do 20 de xuño.
- **Documentación:**
  - Anexo I (facilítase copia na secretaría ou pódese descargar desde o portal educativo) solicitude única por familia cos alumnos/as matriculados.
  - Orixinal e copia completa do libro de familia ou outra documentación que xustifique a unidade familiar.
  - De ser o caso, certificado de minusvalía, resolución de incapacidade ou documentación de pensionista.
  - No caso de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- **Prazo de presentación das solicitudes:** ata o día 23 de xuño de 2016.
- Contía das axudas: figura na 1º folia da solicitude.
- **Obriga dos beneficiarios:** conservar os libros en bo estado e incorporalos, ao rematar o curso 16-17, ao fondo solidario do centro.
- **Publicaremos o listado de beneficiarios/as,** tanto a lista provisional como a definitiva, no taboeiro de anuncios do centro días despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes.
- **Entrega dos libros do fondo:** inicio do curso 2016-17.
- **Entrega dos vales:** últimos días de xuño e primeiros de xullo de 2016.

Un saúdo.

A DIRECCIÓN